



GRUPO PROVINCIAL
G-32014003
xosebaltar@bng.gal

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte moción: **denuncia da emigración á que se está vendo obrigada a poboación galega.**

*Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten pais.
E téis corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No poema ***Pra a Habana!***, a nosa poeta, ***Rosalía de Castro***, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de ***Cantares Gallegos*** este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do ***Instituto Galego de Estatística***, nos últimos 10 anos (2008-2017 –últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu ***Pra a Habana!*** a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade "a Galiza mingüante" e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o **Pleno da DEPUTACION DE OURENSE** adopta os **seguintes**

ACORDOS

- Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.
- Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.
- Deben ser eixos destas políticas:
 - A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.
 - A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.
- O compromiso desde o goberno provincial con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC.

OURENSE, 15 DE XULLO DE 2020

Asdo: Bernardo Varela López

Voceiro do Grupo Provincial do BNG